



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral Técnica

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 86303 / RX 1430878

Data 10/10/2017 14:20:52



Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 29/09/2017 recibiuase solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por D/Dona OMAIRA TUIRÁN RUÍZ en nome e representación da **asociación ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL**, inscrita no Rexistrio Central de Asociaciós da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 2010/014629-1<sup>a</sup>, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

**Primeiro.** Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 11/09/2017, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente a **Comunidade Autónoma de Galicia** e o novo domicilio en: RÚA EMILIA PARDO BAZÁN 14, (15680) ORDES (A Coruña)

CONSIDERACIÓN LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistrio Nacional de Asociaciós, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumplir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociaciós, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistrio Central de Asociaciós e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociaciós da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociaciós.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistrio de Asociaciós da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administraciós Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da asociación **ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL** e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administraciós Públicas e Xustiza, no prazo dun mes de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO de conformidade coa proposta que antecede  
A secretaría xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

Vº e prace:  
O subdirector xeral de Régime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL

### CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, OBXECTIVOS, ENDEREZO E ÁMBITO

Artigo 1.- Coa denominación “Asociación ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL” constitúise en Agosto 2010 que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo e normas complementarias, con capacidade xurídica plena e capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2.- O fin da Asociación é promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais, así como a mellora da asistencia e da calidade de vida dos seus familiares e amigos, e a defensa dos seus intereses e dereitos.

Artigo 3.- Para levar a cabo este fin, A Asociación poderá:

1.- Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen enfermidade mental, familiares e amigos, así como ser un espazo para o intercambio de experiencias e mutua axuda.

2.- Promover e potenciar iniciativas que favorezan a súa integración laboral.

3.- Organizar actividades e crear servizos de tipo ocupacional, laboral, educativo, cultural, artístico, de lecer, etc. acordes aos seus fins.

4.- Promover a igualdade de xénero no coidado de enfermos, co fin de evitar a carga que tradicionalmente soportan as mulleres das familias.

5.- Promover na sociedade unha actitude realista e comprensiva dos problemas das persoas que padecen enfermidade mental.

6.- Instar ante as autoridades políticas e administrativas, medidas que faciliten a NORMALIZACIÓN DA VIDA DAS PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL , así como a integración social e laboral.

7.- Procurar relacóns de colaboración e federarse con entidades afins.

8.- Realizar calquera outra actividade que, dentro da legalidade vixente, sirva para a consecución dos fins da asociación.

Artigo 4.- ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL establece o seu enderezo social en RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, 14 BAIXO 15680 ORDES A CORUÑA.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 5.- ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL desenvolverá a súa actividade no ámbito territorial de Galicia, sendo o galego a lingua propia e oficial na asociación.

Artigo 6.- ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL ten unha duración indefinida.

## CAPÍTULO II: SOCIAS/OS

Artigo 7.- Poderán formar parte da Asociación todas as persoas físicas, maiores de idade que teñan interese en servir aos fins da Asociación. A admisión producirase cando a solicitude de inscrición sexa aceptada pola Xunta Directiva.

Artigo 8.- O número de socias/os será ilimitado e terán todos a mesma clase e condición. A Xunta Directiva poderá nomear “membro honorífico” ás persoas ou institucións que estime oportuno, sen que tal nomeamento supoña a condición xurídica de socia/o.

Artigo 9.- Quen deseche pertencer á Asociación solicitarao por escrito. A Xunta Directiva resolverá sobre a súa admisión ou rexeitamento, sen que se poida interpoñer ningún recurso contra tal acordo.

Artigo 10.- Os dereitos das persoas socias/os serán:

- a) Asistir, con voz e voto, ás Asembleas Xerais de socias/os.
- b) Ser elixible para ocupar cargos na Xunta Directiva.
- c) Facer uso dos servizos que a Asociación estableza, dacordo cos fins que se sinalan nestes Estatutos.
- d) Recibir información sobre as actividades que realice a Asociación e das xestións da Xunta Directiva.
- e) Formar parte de grupos ou comisións que se poderán crear.
- f) Causar baixa voluntaria na Asociación.

Artigo 11.- As/os Socias/os terán os seguintes deberes:

- a) Satisfacer puntualmente as cotas que se establezan. A Xunta Directiva, previa consideración das circunstancias, poderá eximir o pago das cotas a socias/os individuais.
- b) Formar parte da Xunta Directiva, previa candidatura, e desempeñar fielmente os cargos.
- c) Cumprir os Estatutos e os Acordos da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

#### Artigo 12.- Causará baixa na Asociación:

- a) Quen voluntariamente o decida e o comunique a Xunta Directiva por escrito.
- b) Incumpra reiteradamente e sen causa xustificada os deberes impostos polos presentes Estatutos. A baixa neste caso farase a proposta da Xunta Directiva, ratificada pola Asemblea Xeral previa audiencia ao interesado se este o solicite.

### CAPÍTULO III: ASEMBLEA XERAL

Artigo 13.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de governo da Asociación e estará integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14.- As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordianarias. A ordinaria celébrase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche de exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da/o presidenta/e, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito unha décima parte das/os asociadas/os.

Artigo 15.- As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a Orde do Día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberá de mediar polo menos dez días, podendo así mesmo facerse constar se procedera a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 16.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, ficarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concurran a ela un terzo das/os asociadas/os con derecho a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociadas/os con derecho a voto.

Os acordos tomaranse por maioria simple das persoas presentes, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria a maioria cualificada das persoas presentes, que resultarán cando os votos afirmativos superen a metade destas para:

- a) Nomeamento e revocación das Xuntas Directivas e administradores.
- b) Acordo para constituir unha Federación de Asociacións ou integrarse nelas.
- c) Modificación de estatutos.
- d) Disolución da entidade.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 17.-Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 18.- Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento e revocación dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da entidade.
- d) Expulsión de socias/os, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

#### **CAPÍTULO IV: XUNTA DIRECTIVA**

Artigo 19.- ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por :

Unha presidenta/e  
Unha vicepresidenta/e  
Unha secretaria/o  
Unha vicesecretaria/o  
Unha tesoureira/o  
Entre 3-10 vogais

Todos os cargos que componen a Xunta Directiva serán de balde. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos. Só poderán formar parte da Xunta Directiva as persoas asociadas. Para ser membros da Xunta Directiva é necesario ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na legislación vixente.

Artigo 20.- A elección da Xunta Directiva realizarase por candidaturas conxuntas, onde figuren todos os cargos a cubrir. Resultará elixida a candidatura que obteña a maioría cualificada de votos. Se na primeira votación non resultara elixida ningunha candidatura, eliminarase a última candidatura e realizaríase outra votación. Se entre as dúas últimas candidaturas ningunha acadase a maioría cualificada, a Xunta Directiva saínte prorrogaría o seu mandato durante un ano, prazo no que deberá convocar unha nova Asemblea Extraordinaria. Só en caso de vacantes se pode someter a decisión da Asemblea a elección de membros individuais da Xunta Directiva, segundo o establecido no artigo 19.



- k) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou que no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou adecuada, sen deixar de dar conta con posterioridade á Xunta Directiva.

Artigo 27.- A/O Vicepresidenta/e correspónnelle asistir á/ao presidente nas súas funcións e substituila/lo en caso de ausencia ou delegación, circunstancias nas que terá as mesmas atribucións que a/o Presidenta/e.

Artigo 28.-

- a) A/O secretaria terá o cargo da dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación:

- Expedir certificacións,
- Levará os libros da asociación legalmente constituidos,
- Levará o ficheiro das/os asociadas/os,
- Custiodará a documentación da entidade facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscritibles os rexistros correspondentes,
- Presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

- b) A Vicesecretaria/o correspónnelle asister á/ao secretaria/o nas súas funcións e substituila/lo en caso de ausencia ou delegación, circunstancias nas que terá as mesmas atribucións que a/o Secretaria/o.

Artigo 29.- A/O tesoureira/o recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 30.- As/Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e as que xurdan das delegacións ou COMISIÓNNS de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 31.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os membros restantes da Directiva ata a elección definitiva, en Asemblea Xeral Extraordinaria, do substituto, que exercerá o cargo con plenitude de facultades, durante o tempo que restará para completar os dous anos iniciais.

## CAPÍTULO V.- RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32.- Os recursos económicos previstos para os fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socias/os periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou heranzas que poderá recibir de xeito legal por parte das/os asociadas/os ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.



Artigo 33.- O patrimonio inicial da Asociación ou fondo social de ANDAINA é de 0 €.

Artigo 34.- O exercicio asociativo, económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de Decembro de cada ano.

Artigo 35.- O patrimonio da asociación será irrepartible agás en favor de outras entidades sen ánimo de lucro.

## **CAPÍTULO VI.- DISOLUCIÓN**

Artigo 35.- Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, por unha mayoría de 2/3 das/os asociadas/os.

Artigo 36.- En caso de disolución nomease una comisión liquidadora que unha vez saldadas as débedas e se existe sobrante líquido, para fins que non desvirtuen as súas natureza non lucrativa, perfectamente, o apoio a entidades ou actividades a enfermos mentais.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL.-**

Estes Estatutos quedan aprobados con ocasión da constitución da Asociación, a once de Setembro de doucezaseis, en todo canto non estea previsto, aplícase a lei orgánica I/ 2002, de 22 de marzo reguladora do derecho de asociación e disposicións complementarias.

Ordes, a 11 de Setembro de 2017



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES  
ESTATUTOS VISADOS

Diligencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme as modificacíons acordadas en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 11 de Setembro de dous mil dezasete e segundo procedimento establecido nos seus estatutos.

Asdo/ Juan Mosquera Vidal  
Secretario de Andaina PSM

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS  
Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistru Central, desta  
Comunidade Autónoma, nº de Rexistru Asociación, 2010/146.29-1

Santiago de Compostela

- 6 OUT. 2017

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



María Amadora Rodríguez Carreira